

Sandra Sánchez ten unha longa traxectoria como montadora e directora, tanto en proxectos de ficción como documental.

Como montadora é responsable, entre outras, das longametraxes ***O corpo aberto***, de Ángeles Huerta, ***Código emperador***, de Jorge Coira, ***Migas de Pan***, de Manane Rodríguez, ***Esquece Monelos***, de Ángeles Huerta, ***Doentes***, de Gustavo Balza, ou ***Rafael***, de Xavier Bermúdez, ademáis de diversas series e documentais.

O seu traballo máis persoal como directora é a longametraxe ***Tralas luces***, no que asume dirección, guión, fotografía e montaxe, e que foi estreada no Donostia Zinemaldia 2011 na sección Zabaltegi Nuevos Directores. Tamén destacan as súas curtas ***Matías*** e ***A nena azul***, esta última premiada e proxectada en diversos festivais internacionais.